



REGULAMENTO INTERNO DISCIPLINARIO

Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

TÍTULO ÚNICO

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Introdución

Artigo 1. Motivación e obxectivos xerais do Regulamento

1. Establécese o presente *Regulamento Interno Disciplinario* coa fin de preservar o bo nome do **Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia** (o *Clube*) e conquistar un funcionamento acorde co que o seu nome e traxectoria representa.
2. Este réxime disciplinario será de aplicación a todos os socios do Clube e participantes das distintas actividades organizadas polo mesmo.
3. Os membros da Xunta Directiva do Clube porán especial coidado na anticipación e prevención das actuacións disciplinarias previstas neste Regulamento mediante o contacto e colaboración constantes.
4. O incumprimento do articulado do presente Regulamento motivará a apertura, por parte da Xunta Directiva do Clube, dunha investigación dos feitos e da cualificación da gravidade dos mesmos.
5. Se da investigación dedúcese a responsabilidade dalgún membro do estamento do Clube, establecerase a sanción que a Xunta Directiva determine en función do previsto no presente articulado.
6. Sen prexuízo de accións posteriores, os responsables das actividades poderán adoptar as medidas que consideren pertinentes para manter a orde e disciplina dentro do Clube, comunicándollas con posterioridade á Xunta Directiva.

CAPÍTULO II

Infraccións

Artigo 2. Tipificación das infraccións

Aos efectos deste Regulamento, as infraccións disciplinarias contra a boa orde social do Clube, susceptibles de ser sancionadas, clasificaranse en moi graves, graves e leves.



2.1º. Dos socios do Clube

1. Son infraccións moi graves:

- a) Cometer tres infraccións graves ou multi-reiterase en faltas leves.
- b) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa aos membros do Clube e a outros en deterioro da imaxe do mesmo, cando sexan considerados moi graves
- c) Todas aquelas actuacións que prexudiquen ou obstaculicen a consecución dos fins do Clube, cando teñan a consideración de moi grave
- d) Producir danos moi graves aos bens mobles ou inmobles do Clube, ou non os reparar na cantidade fixada pola Xunta Directiva
- e) Cometer feitos delituosos contra os bens mobles ou inmobles do Clube, doutros socios ou de terceiros que se atopen nas instalacións do Clube
- f) Incumprir ou actuar contrariamente ás disposicións estatutarias e/ ou regulamentarias do Clube, cando sexa considerado moi grave
- g) Incumprir calquera dos artigos recollidos nos Estatutos do Clube
- h) Incumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno do Clube, cando teña a consideración de moi grave
- i) Protestar ou actuar irada e ofensivamente de forma que se impida a celebración de Asambleas Xerais do Clube ou reunións da súa Xunta Directiva
- j) Cometer actos que afecten moi gravemente ao respecto e dignidade das persoas e ao prestixio do Clube
- k) Vexar de palabra u obra aos demais socios do Clube, compañeiros e responsables da organización no marco de actividades organizadas polo Clube ou nas que participe en representación do mesmo, cando sexa considerado moi grave.
- l) Non respetar ao xurado, ou acatar as sus decisións no marco de actividades organizadas polo Clube o unhas que se participe en representación do mesmo, cando sexa considerado moi grave.
- m) Participar, formular ou escribir, mediante calquera medio de comunicación social, manifestacións que prexudiquen de forma moi grave a imaxe do Clube
- n) Usurpar ilexítimamente atribucións ou competencias sen contar coa preceptiva autorización do órgano de goberno competente do Clube



- o) Agredir fisicamente, ameazar ou insultar gravemente a socios do Clube ou doutros clubes, así como aos responsables e xurados das distintas actividades ou eventos
- p) Inducir ou ser cómplice, plenamente probado, de calquera socio do Clube na comisión de infraccións contempladas como moi graves
- q) Quebrantar sancións impostas por infracción grave ou moi grave
- r) Todas as infraccións tipificadas como leves ou graves cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas como moi graves
- s) En xeral, as condutas contrarias á boa orde social do Clube, cando se consideren moi graves a xuízo motivado da Xunta Directiva.

2. Son infraccións graves:

- a) Reiterarse na comisión dunha infracción leve.
- b) Faltar reiterada e inustificadamente ás distintas actividades programadas polo Clube con previa inscrición
- c) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa aos membros do Clube e a outros en deterioro da imaxe do mesmo, cando sexan considerados graves
- d) Producir danos graves aos bens móbiles ou inmóbiles do Clube, ou non os reparar na cantidade fixada pola Xunta Directiva, aínda que neste último caso os danos sexan leves
- e) Incumprir ou actuar contrariamente ás disposicións estatutarias e/ ou regulamentarias do Clube, cando sexa considerado grave
- f) Vexar de palabra u obra aos demais socios do Clube, compañeiros e responsables da organización no marco de actividades organizadas polo Clube ou nas que participe en representación do mesmo, cando sexa considerado grave.
- g) Non respetar ao xurado, ou acatar as sus decisións no marco de actividades organizadas polo Clube o unhas que se participe en representación do mesmo, cando sexa considerado grave.
- h) Incumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno do Clube, cando teña a consideración de grave
- i) Participar, formular ou escribir, mediante calquera medio de comunicación social, manifestacións que prexudiquen de forma grave a imaxe do Clube
- j) Inducir ou ser cómplice, plenamente probado, de calquera socio do Clube na comisión de infraccións contempladas como graves



- k) Manter un comportamento inaxeitado nos actos organizados polo Clube, cando se consideren graves a xuízo motivado da Xunta Directiva
- l) Quebrantar sancións impostas por infracción grave ou leve
- m) Todas as infraccións tipificadas como graves ou leves cuxas consecuencias físicas, morais ou económicas, plenamente probadas, sexan consideradas como graves
- n) En xeral, as condutas contrarias ou actos inxustificadas á boa orde social do Clube, cando se consideren graves a xuízo motivado da Xunta Directiva.

3. Son infraccións leves:

- a) As faltas inxustificadas de puntualidade
- b) As faltas inxustificadas de asistencia a eventos previamente inscritos
- c) Non comunicar calquera anomalía ou falla de asistencia ás distintas actividades programadas e con previa inscrición coa suficiente antelación, cando iso sexa posible
- d) Actuar de forma pasiva con respecto aos actos e actividades organizadas polo Clube
- e) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa aos membros do Clube e a outros en deterioro da imaxe do mesmo, cando sexan considerados leves e, en xeral, toda conduta incorrecta nas relacións cos socios do Clube
- f) Vestir de forma non axeitada nas competicións
- g) Maltratar os bens mobles ou inmobles do Clube, e incumprir as normas de uso dos mesmos fixados polo órganos de goberno
- h) Incumprir ou actuar contrariamente ás disposicións estatutarias e/ ou regulamentarias do Clube, cando sexa considerado leve
- i) Inducir ou ser cómplice, plenamente probado, de calquera socio do Clube na comisión de infraccións contempladas como leves
- j) Actuar de forma que se impida o correcto desenvolvemento das actividades propias do Clube ou actos organizados polo mesmo, cando se considere leve a xuízo motivado da Xunta Directiva
- k) En xeral, as condutas contrarias ou actos inxustificadas á boa orde social do Clube, cando se consideren leves a xuízo motivado da Xunta Directiva.

2.2º. Da Xunta Directiva do Clube

1. Son infraccións moi graves:



- a) Non convocar os órganos de goberno do Clube nos prazos e nas condicións legais, de forma sistemática e reiterada
- b) Utilizar incorrectamente os fondos do Clube
- c) Abusar da autoridade e usurpar ilexítimamente atribucións ou competencias
- d) Non asistir a tres reunións consecutivas e/ou cinco alternas, da Xunta Directiva do Clube, salvo casos de enfermidade ou causas de forza maior.
- e) A inactividade ou renuncia de funcións que supoñan incumprimento moi grave dos seus deberes estatutarios e/ou regulamentarios.

2. Son infraccións graves:

- a) Non facilitar aos socios a información do Clube que por éstes lle sexa requerida
- b) A inactividade ou renuncia de funcións que supoñan incumprimento grave dos seus deberes estatutarios e/ou regulamentarios.

3. Son infraccións leves:

- a) Non convocar os órganos de goberno do Clube nos prazos e nas condicións legais
- b) Actuar contrariamente ao correcto funcionamento da Xunta Directiva do Clube
- c) A inactividade ou renuncia de funcións cando non teñan a consideración de moi grave ou grave.

Artigo 3. Medidas preventivas

Os órganos de goberno do Clube, ou a súa Xunta Directiva, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que estimen necesarias para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora.

Artigo 4. Responsables das infraccións

1. Serán responsables das infraccións previstas neste Regulamento as persoas físicas ou xurídicas, socios do Clube, que incurran en aquelas e, en particular, a persoa que directamente realice a actividade infractora ou a que ordene dita actividade cando o executor teña con aquela unha relación contractual ou de feito, sempre que se demostre a súa dependencia do ordenante.

2. Cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas que terían intervido na realización dunha infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito a repetir fronte aos demais participantes, por parte daquel ou aqueles que tivesen feito fronte ás responsabilidades.

Artigo 5. Prescrición das infraccións

1. O prazo de prescrición das infraccións previstas neste Regulamento será de tres anos



2. O prazo de prescrición comezará a contar a partir do día seguinte no que a infracción se cometese.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador

CAPÍTULO III

Sancións

Artigo 6. Potestade sancionadora

1. A instrución de procedementos sancionadores corresponderá á Xunta Directa do Clube, nomeándose por esta última e para tal efecto, os membros da mesma que teñan encomendada dita función.
2. O órgano instrutor de procedementos disciplinarios estará formado por un presidente (instrutor) e un secretario, sendo este último quen o sexa da Xunta Directiva do Clube. O instrutor será o responsable de solicitar ao secretario a práctica de aquelas dilixencias previas que estime oportunas ao obxecto de obter a oportuna información sobre a comisión de infracción por parte do socio.
3. Caso de tramitarse Expediente Sancionador ou Disciplinario contra un membro da Xunta Directiva, o infractor non poderá formar parte do órgano instrutor, debendo absterse de intervir e votar na reunión da Xunta Directa que decida a resolución provisional do mesmo.

Artigo 7. Procedemento sancionador

7.1º. Do procedemento ordinario

1. Só se poderán sancionar as infraccións consumadas e respecto das condutas e feitos constitutivos de faltas delimitadas no ámbito de aplicación do presente Regulamento.
2. Os procedementos sancionadores inicianse sempre de oficio, ben por acordo do órgano competente (Xunta Directiva do Clube), por iniciativa propia, petición razoada doutros órganos ou ben por denuncia previa.
3. Con carácter previa á iniciación dun procedemento sancionador poderase dar principio a actuacións, a iniciativa da Xunta Directiva, co obxecto de determinar, con carácter preliminar, se concurren circunstancias que xustifiquen tal iniciativa.
4. A iniciación de procedementos sancionadores formalizarase co contido mínimo seguinte recollido polo secretario:
 - 4.1. Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables
 - 4.2. Exposición sucinta dos feitos que motivan a incoación do procedemento sancionador, a súa posible cualificación e as sancións que poideran corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrución



4.3. Sinalamento do órgano competente para a resolución do expediente

4.4. Indicación do dereito a formular alegacións á audiencia no procedemento sancionador e prazos para o seu exercicio.

5. Á vista da información recollida pola secretario sobre a comisión de infracción por parte do infractor responsable, a Xunta Directiva do Clube poderá mandar archivar as actuacións ou acordar a incoación do Expediente Sancionador.

6. No caso de acordo de incoación da sanción, o secretario remitirá ao interesado ou interesados escrito no que se poña de manifesto os cargos a imputar, aos que poderá ou poderán contestar mediante as alegacións, documentos ou información que estime ou estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos no prazo de quince días naturais, así como propor proba concretando os medios de que pretenda ou pretendan valerse.

7. Transcurrido dito prazo e recibidas as alegacións, o asunto será remitido á primeira sesión da Xunta Directiva do Clube para declarar a procedencia de aqueles medios de proba interesados polo socio infractor, así como acordar a práctica de calquera outros que considere oportunos

8. Practicada a proba declarada ou acordada, o instrutor dictará proposta de resolución na que figurarán motivadamente os feitos e especificándose, naqueles que se consideren probados, a súa exacta cualificación xurídica, á persoa ou persoas resultantes responsables, especificando finalmente a sanción que propón impór.

9. Do anterior darase traslado á Xunta Directiva do Clube para que dicte resolución motivada, decidíndose ademais todas as cuestións plantexadas polo interesado ou interesados e aquelas outras derivadas do procedemento sancionador. A resolución motivada da Xunta Directiva do Clube será aprobada polas tres cuartas partes dos membros da mesma, absténdose o instrutor de votar na deliberación que preceda a dito acordo.

10. A resolución notificarase por correo electrónico ao interesado ou no domicilio que consta nos arquivos do Clube, salvo que aquel tivese designado outro distinto no Expediente Sancionador.

7.2º. Do procedemento por non-pagamento de cotas

1. Antes de adoptarse a apertura de Expediente Sancionador por causa de non-pagamento, requirirase ao socio moroso para que pague dentro do prazo que a tal fin lle fixe a Xunta Directiva do Clube.

2. Acordada a baixa do socio moroso por non-pagamento de cotas, o sancionado poderá rehabilitar a súa condición de socio do Clube sempre que non transcorrese máis dun ano dende a firmeza do acordo de baixa e pague as cotas debidas.

Artigo 8. Rexistro de Expedientes Sancionadores



O Clube levará un Rexistro dos Expedientes Sancionadores incoados que custodiará o secretario. Dito rexistro terá o carácter de secreto, polo que non se poderá expedir certificacións dos asentos contidos no mesmo, salvo aos interesados, previo acordo motivado da Asamblea Xeral do Clube.

Artigo 9. Clasificación das sancións

9.1º. Dos socios do Clube

1. Por infraccións de carácter moi grave, as sancións a impor serán:

- a) A suspensión do dereito da práctica das actividades do Clube por un período de tempo entre seis meses e un ano
- b) A perda da condición de socio do Clube (expulsión) de ata un ano, na axeitada proporción á infracción cometida
- c) A inhabilitación para ocupar cargos nos órganos do Clube nun período de ata catro anos
- d) A expulsión definitiva do Clube.

2. Por infraccións de carácter grave, atendendo ás circunstancias de cada caso, as sancións a impor serán:

- a) Apercibimento para faltas continuas inxustificadas de participación con previa inscrición, incluíndose un informe detallado, sobre dita actitude, por parte do responsable
- b) Suspensión do dereito da práctica das actividades do Clube por un período de tempo de ata dous anos

3. Por infraccións de carácter leve, atendendo ás circunstancias de cada caso, as sancións a impor serán:

- a) Amonestación privada
- b) Amonestación escrita e comunicada
- c) Suspensión do dereito da práctica das actividades do Clube por un período de tempo de ata 6 meses.

9.2º. Da Xunta Directiva do Clube

As infraccións tipificadas neste título único serán sancionadas con:

- a) O cese nas súas funcións de membro da Xunta Directiva do Clube e, no seu caso, a inhabilitación para ocupar novamente cargos nos órganos de goberno, en infraccións moi graves
- b) O cese temporal nas súas funcións de membro da Xunta Directiva do Clube durante un período dun mes a un ano, na axeitada proporción á infracción cometida, en infraccións graves



- c) A amoestación verbal ou escrita, ou cese temporal nas súas funcións de membro da Xunta Directiva do Clube durante un período non superior ós 6 meses

Artigo 10. Proporcionalidade

1. A imposición de sancións disciplinarias terá en conta as circunstancias agravante da reincidencia e atenuante de arrepentimento espontáneo. Existirá reincidencia cando o autor da infracción teña sido sancionado anteriormente por calquera outra infracción de igual gravidade, ou por dous ou máis de menor gravidade. A reincidencia entenderase producida no transcurso de 3 anos contado a partir da data en que se cometese a primeira infracción.

2. As sancións impoñeranse atendendo ás circunstancias do infractor responsable:

- a) Intensidade do dano causado: gravidade da infracción atendendo á natureza dos feitos, ás consecuencias da infracción e á concurrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes
- b) Grao de culpa
- c) Reincidencia
- d) Aplicación dos efectos retroactivos favorables
- e) Prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da súa comisión.

3. A responsabilidade disciplinaria extinguirase, en todo caso, por:

- Cumprimento da sanción
- Prescrición da infracción
- Falecemento do infractor.

Artigo 11. Redución da sanción

Poderá reducirse a sanción sempre e cando o infractor procedese a corrixir a situación creada pola comisión da infracción no prazo, forma e condicións fixadas polos órganos de goberno do Clube no correspondente requirimento.

Artigo 12. Entrada en vigor

O presente *Regulamento Interno Disciplinario* entrará en vigor a partir da data da súa aprobación por parte da Asamblea Xeral do Clube. Unha vez aprobado pola mesma, o contido íntegro do mesmo estará a disposición de calquera socio do Clube na súa páxina web.